

LEILÍA HOMENAXEA Á PANDEIRETEIRA EVA CASTIÑEIRA E RECREA VERSOS DE SETE POETAS GALEGAS EN 'CONSENTIMENTO', O SEU NOVO DISCO.

- O grupo, na súa plenitude musical, reivindica neste novo traballo o papel da muller galega na tradición oral
- A produción resume dous anos de intenso traballo con imaxes musicais novas e sensacións de sempre reinventadas

SANTIAGO, 1 de decembro de 2011.- O grupo LEILÍA presentou hoxe no Consello da Cultura Galega, CONSENTIMENTO, o seu novo disco, un traballo fresco, cheo de matices, que soa a auténtico, a galego e a actual. Foron dous anos de intenso labor, de cavilacións e probas que se plasman neste novo proxecto, que sen deixar de soar a LEILIA, ten corpo e gusto propio.

Letras de poetas, imaxes novas, sensacións de sempre, Leilía é a voz madura que reivindica o papel da muller na tradición oral galega. CONSENTIMENTO é unha nova aposta musical que fala en feminino para render homenaxe á Muller creadora e transmisora da nosa tradición oral, personificada na figura de Eva Castiñeira, cantareira e pandeireteira. Unha muller como tantas e tantas outras que, dende o case anonimato, sementaron a nosa terra de arte e beleza.

As poetas Ana Romaní, Ana Amado, Eva Veiga, Eva Moreda, Marilar Aleixandre, Mariña Pérez e Yolanda Castaño escribiron as letras de sete dos trece temas deste novo álbum. O resto, son composicións feitas a partir de coplas populares, agás dous temas para os que Leilía adaptou e creou as letras. Elas, ao igual que as mulleres ás que renden homenaxe, tamén son creadoras e intérpretes, recolledoras e transmisoras da tradición viva que reinventan para este tempo.

CONSENTIMENTO é o traballo máis esperado das pandeireteiras de LEILIA, que logo de 22 anos nos escenarios dan un paso adiante para atreverse cunha nova concepción musical acorde aos novos tempos; acordeón, contrabaixo, guitarra e gaita son os instrumentos que Xoán Porto, o produtor musical, mestura con outros máis “tradicionalistas” como a tixola, os pandeiros, as pandeiras grandes, culleres, castañolas... para abrigar o canto tradicional e dar vida a este proxecto propio con semente de antano e arrecendo a modernidade.

O envoltorio do CD é unha pequena obra de arte en si mesmo. O artista Xesús Carballido, que fixera os deseños dos traballos anteriores do grupo, trae á

portada ás integrantes de LEILIA guiadas pola luz que simboliza a muller creadora. No interior do *digipack* atopamos as letras do disco, textos, fotografías e un pequeno póster do grupo.

Este é o quinto traballo de LEILIA que, con varios concertos pola xeografía galega, darán a coñecer nos próximos meses cun espectáculo dirixido por Quico Cadaval, que de seguro nos sorprenderá a todos cunha mestura de música e teatro?... Elas, de momento, non quixeron desvelar o segredo.

CONSENTIMENTO está á venda nas tendas e a través da súa páxina web www.leilia.net

Máis información en http://leilia.net/?page_id=15 e www.leilia.net

Boa producións: www.boamusica.com / www.folmusica.com

Merlo Branco producións: www.merlobranco.com